

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2018/8

DATA: xoves 26 de xullo de 2018

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA accidental VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTANS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
RAQUEL GARCIA ABUIN
PP
MARIA VANESA MARTINEZ DURAN
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO
ADRIAN VIDAL IGLESIAS
MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO
PSdeG-PSOE
MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARTIN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENTES

ANTONIO CASTRO CASTRO

ORDE DO DÍA

1. Aprobación actas pleno do 05 de xullo de 2018 e do 12 de xullo de 2018
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Adhesión á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega
4. Moción presentada polo Alcalde: Apoio a pesca do Xeito
5. Moción do grupo municipal Rianxo en Común: APOIO O XEITO

6. Moción en PROL DA REGULARIZACIÓN DA EDUCACIÓN SOCIAL
7. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

115188545

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 APROBACIÓN ACTAS PLENO DO 05 DE XULLO DE 2018 E DO 12 DE XULLO DE 2018

APROBACIÓN ACTA Nº 7/2018 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 05/07/2018

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 7/2018 de 05/07/2018.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 05/07/2018, Acta nº 7/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a **acta** nos termos desta

APROBACIÓN ACTA Nº 9/2018 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 12/07/2018

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 9/2018 de 12/07/2018.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 12/07/2018, Acta nº 9/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a **acta** nos termos desta

2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A Presidencia informa as persoas asistentes da documentación do expediente.

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/06/2018 ata o 30/06/2018, que comprenden os números 468/2018 ao 575/2018, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 11 da Sesión ordinaria do día 11/06/2018
- Acta nº 12 da Sesión ordinaria do día 25/06/2018

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

3 ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias en materia de lingua galega. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia.

Constatouse, asemade, en diferentes momentos, a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolve-las de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéfate, etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, con data do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e

facilite a xestión dos programas conxuntos.

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estafal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nela, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

Nos artigos posteriores establece que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que se rexerán pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para a consecución dos seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, formúlase a proposta de constitución da Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega e dos estatutos polos que se rexerá.

Tendo en conta o disposto na Lei 7/L985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, propóñense para a súa aprobación no Pleno os seguintes ACORDOS:

1. Manifestar a vontade do Concello de Rianxo de adherirse á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.
2. Designar a Adolfo Muíños Sánchez como representante político da Corporación na asemblea da Asociación e á técnica de normalización lingüística como representante técnico.
3. Manifestar o compromiso deste Pleno de incluír no orzamento xeral deste Concello os fondos necesarios para o pagamento da cota ordinaria de participación na asociación.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.

4 MOCIÓN PRESENTADA POLO ALCALDE: APOIO A PESCA DO XEITO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 16 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A pesca do xeito volve vivir xornadas difíciles como as de hai algúns anos que moveron ao sector a movilizarse para reclamar ante Bruxelas unha mudanza na declaración desta arte como arte de deriva e unha máis que posíbel prohibición. Logo da loita do sector e da sociedade galega, en especial da de Rianxo e doutras localidades afectadas, semellaba que tiñan comprendido as

autoridades a especial idiosincrasia e sustentabilidade da pesca artesanal.

Semellaba porque hai uns poucos días volvía a reproducirse a prohibición de pescar sardiña e xouba ordenada polo Ministerio de Pesca, supostamente motivada polo consumo da cota prevista polo regulamento de explotación para a totalidade do recurso. Son unhas 427 embarcacións as que actualmente se dedican a esta arte de pesca en Galiza sendo maioría os da confraría de Rianxo con 116 embarcacións. Ás confrarías de Cabo de Cruz, Cambados, illa de Arousa, Pobra do Caramiñal e Vilaxoán, pertencen o resto das embarcacións afectadas na Ría de Arousa así como Redondela e outras confrarías da ría de Vigo.

O **xeito**, arte de pesca artesanal e sostible, con baixa pegada en carbono, practicado desde tempos inmemoriais nas Rías galegas, non ofrece motivos para que se lles inclúa nunha normativa creada para protexer os habitats mariños da pesca destrutiva. Só o descoñecemento, e tamén a irresponsabilidade, pode posibilitar que a pesca artesanal, sempre respectuosa co medio ambiente sexa clasificada como pesca ilegal xunto con outras que si son extremadamente destrutivas. **O problema non está na flota artesanal que debería ser protexida.**

Por tradición mariñeira, por respecto ao medio ambiente, por ser garante dunha pesca sustentable, **a pesca artesanal do xeito debe de ser excluída dunha norma que contén unha prohibición absoluta e indiscriminada.**

A súa aplicación nestes momentos, época do maior consumo en fresco e de subministro ás conserveiras da comarca, aboca ao paro a máis de un millar de mariñeiros, ademais de por fin a un sistema de pesca tradicional que desde fai centos de anos é o principal sustento económico para un número importante de familias galegas.

Por historia e tradición, estamos na obriga de defender os dereitos recoñecidos dos nosos xeiteiros.

Por xustiza e responsabilidade, propónse ó Pleno da Corporación Municipal a aprobación dos seguintes acordos:

1.- Manifestar o apoio de toda a Corporación ás confrarías afectadas, ao sector do xeito e á pesca artesanal en xeral, que deben quedar excluídas do sistema de cotas.

2.- Reclamar á Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a suspensión inmediata da prohibición do xeito e o adianto, como mal menor, dos cupos anuais. Este é un momento clave da pesca do xeito do ano en curso.

3.- Instar aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, do Congreso dos Deputados e os eurodeputados galegos á defensa, até a súa consecución, da continuidade legal do xeito e demais modalidades de pesca artesanal, da exclusión do sistema de cotas e a asunción das competencias plenas da regulación das augas interiores pola Xunta de Galiza.

4. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, ao presidente do goberno de España e á presidenta do Parlamento Europeo.

Ábrese unha quenda de debate e o concelleiro de Rianxo en Común Juan Losada, propón ao alcalde, unificar as mocións nº 4 e 5, xa que versan sobre o mesmo tema, o alcalde propón esperar ao posicionamento de apoio dos grupos políticos a ditas mocións para posteriormente unificalas no caso de que proceda

5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: APOIO O XEITO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 16 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

En 2014 a comisión Europea lanzou unha proposta para prohibir completamente as redes de enmalle de deriva. Esta proposta creou moita preocupación na Galiza porque supoñía a prohibición da arte tradicional do xeito.

A comisión e o Parlamento zanzaron a polémica alegando que se lle daría unha solución no debate do Regulamento de medidas técnicas.

Pois ben, en marzo de 2016 a comisión fixo a súa proposta de Regulamento sobre a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas. o Parlamento Europeo fixou a súa posición sobre esta proposta en xaneiro do 2019. A comisión na súa proposta non recoñece esta especificidade e coa prohibición de utilizar para os pequenos peláxicos unha dimensión de rede inferior a 50 mm o xeito quedaría prohibido.

A posición do Parlamento tampouco o recoñece ao ser rexeitadas as dúas emendas que facían referencia ao xeito. o Parlamento Europeo, asume como propia a proposta da Comisión para á pesca de pequenos peláxicos.

Na actualidade o Regulamento atopase en fase de negociación (coñecida como trílogo); e so será posíbel introducir nestas negociacións algunha especificidade para salvagardar a arte do xeito se o consello o pon enriba da mesa nas negociacións, polo que sometemos a aprobación desta corporación municipal as seguintes propostas:

- 1.- Dirixirse ao Ministro de Pesca para que dea os pasos necesarios para que o Consello introduza nas negociacións en curso sobre o Regulamento de Medidas técnicas que nas augas suroccidentais a rede de deriva única coñecida como xeito utilice malla de dimensión entre 23 e 40 mm (Anexo VII da proposta).
- 2.- Dirixirse á Conselleira do Mar para que utilice todos os mecanismos dos que dispón para que o Consello asuma introducir nas negociacións esta proposta sobre o xeito.

Ábrese unha quenda de debate e os grupos políticos apoian a mocións.

O alcalde, propón de acordo cos grupos políticos a unificación das dúas mocións e proceder a súa aprobación

MOCIÓN UNIFICADA: APOIO A PESCA DO XEITO

A pesca do xeito volve vivir xornadas difíciles como as de hai algúns anos que moveron ao sector a mobilizarse para reclamar ante Bruxelas unha mudanza na declaración desta arte como arte de deriva e unha máis que posíbel prohibición. Logo da loita do sector e da sociedade galega, en especial da de Rianxo e doutras localidades afectadas, semellaba que tiñan comprendido as autoridades a especial idiosincrasia e sustentabilidade da pesca artesanal.

Semellaba porque hai uns poucos días volvía a reproducirse a prohibición de pescar sardiña e xouba ordenada polo Ministerio de Pesca, supostamente motivada polo consumo da cota prevista polo regulamento de explotación para a totalidade do recurso. Son unhas 427 embarcacións as que actualmente se dedican a esta arte de pesca en Galiza sendo maioría os da confraría de Rianxo con 116 embarcacións. Ás confrarías de Cabo de Cruz, Cambados, illa de Arousa, Pobra do Caramiñal e Vilaxoán, pertencen o resto das embarcacións afectadas na Ría de Arousa así como Redondela e outras confrarías da ría de Vigo.

En 2014 a comisión Europea lanzou unha proposta para prohibir completamente as redes de enmalle de deriva. Esta proposta creou moita preocupación na Galiza porque supoñía a prohibición da arte tradicional do xeito. Pois ben, en marzo de 2016 a comisión fixo a súa proposta de Regulamento sobre a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas. o Parlamento Europeo fixou a súa posición sobre esta proposta en xaneiro do 2019. A comisión na súa proposta non recoñece esta especificidade e coa prohibición de utilizar para os pequenos peláxicos unha dimensión de rede inferior a 50 mm o xeito quedaría prohibido.

A posición do Parlamento tampouco o recoñece ao ser rexeitadas as dúas emendas que facían referencia ao xeito. O Parlamento Europeo, asume como propia a proposta da Comisión para á pesca de pequenos peláxicos.

Na actualidade o Regulamento atopase en fase de negociación (coñecida como trílogo); e so será posíbel introducir nestas negociacións algunha especificidade para salvagardar a arte do xeito se o consello o pon enriba da mesa nas negociacións.

A comisión e o Parlamento zanzaron a polémica alegando que se lle daría unha solución no debate do Regulamento de medidas técnicas.

Pois ben, en marzo de 2016 a comisión fixo a súa proposta de Regulamento sobre a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas. o Parlamento Europeo fixou a súa posición sobre esta proposta en xaneiro do 2019. A comisión na súa proposta non recoñece esta

especificidade e coa prohibición de utilizar para os pequenos peláxicos unha dimensión de rede inferior a 50 mm o xeito quedaría prohibido.

A posición do Parlamento tampouco o recoñece ao ser rexeitadas as dúas emendas que facían referencia ao xeito. o Parlamento Europeo, asume como propia a proposta da Comisión para á pesca de pequenos peláxicos.

Na actualidade o Regulamento atopase en fase de negociación (coñecida como trílogo); e so será posíbel introducir nestas negociacións algunha especificidade para salvagardar a arte do xeito se o consello o pon enriba da mesa nas negociacións.

O xeito, arte de pesca artesanal e sostible, con baixa pegada en carbono, practicado desde tempos inmemoriais nas Rías galegas, non ofrece motivos para que se lles inclúa nunha normativa creada para protexer os habitats mariños da pesca destrutiva. Só o descoñecemento, e tamén a irresponsabilidade, pode posibilitar que a pesca artesanal, sempre respectuosa co medio ambiente sexa clasificada como pesca ilegal xunto con outras que si son extremadamente destrutivas. O problema non está na flota artesanal que debería ser protexida.

Por tradición mariñeira, por respecto ao medio ambiente, por ser garante dunha pesca sustentable, a pesca artesanal do xeito debe de ser excluída dunha norma que contén unha prohibición absoluta e indiscriminada.

A súa aplicación nestes momentos, época do maior consumo en fresco e de subministro ás conserveiras da comarca, aboca ao paro a máis de un millar de mariñeiros, ademais de por fin a un sistema de pesca tradicional que desde fai centos de anos é o principal sustento económico para un número importante de familias galegas.

Por historia e tradición, estamos na obriga de defender os dereitos recoñecidos dos nosos xeiteiros.

Por xustiza e responsabilidade, propónse ó Pleno da Corporación Municipal a aprobación dos seguintes acordos:

- 1.- Manifestar o apoio de toda a Corporación ás confrarías afectadas, ao sector do xeito e á pesca artesanal en xeral, que deben quedar excluídas do sistema de cotas.
- 2.- Reclamar á Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a suspensión inmediata da prohibición do xeito e o adiamento, como mal menor, dos cupos anuais. Este é un momento clave da pesca do xeito do ano en curso.
- 3.- Instar aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, do Congreso dos Deputados e os eurodeputados galegos á defensa, até a súa consecución, da continuidade legal do xeito e demais modalidades de pesca artesanal, da exclusión do sistema de cotas e a asunción das competencias plenas da regulación das augas interiores pola Xunta de Galiza.
4. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, ao presidente do goberno de España e

á presidenta do Parlamento Europeo.

5. Dirixirse ao Ministro de Pesca para que dea os pasos necesarios para que o Consello introduza nas negociacións en curso sobre o Regulamento de Medidas técnicas que nas augas suroccidentais a rede de deriva única coñecida como xeito utilice malla de dimensión entre 23 e 40 mm.

6. Dirixirse á Conselleira do Mar para que utilice todos os mecanismos dos que dispón para que o Consello asuma introducir nas negociacións esta proposta sobre o xeito.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a **MOCIÓN** nos termos desta.

6 MOCIÓN EN PROL DA REGULARIZACIÓN DA EDUCACIÓN SOCIAL

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 16 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A profesión de Educador/a Social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real Decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinação social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da Educadora e do Educador Social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto, polo cal se establece o Título Universitario Oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando de esta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

Como profesión de carácter pedagóxico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da

rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en practicamente todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales, no ano 2006.

A día de hoxe, o seu papel é fundamental no ámbito dos servizos sociais nun Estado Social e Democrático de Dereito xa que a súa intervención garante dereitos tan básicos para a cidadanía como son a igualdade e a xustiza social. As/os profesionais da educación social traballan co obxectivo de axudar nun proceso de socialización que é clave para acadar unha sociedade máis equitativa, así como para conseguir o dereito ao desenvolvemento persoal que teñen as persoas destinatarias da súa intervención. Melloran competencias e aptitudes, promocionan a autonomía e independencia, preveñen e compensan déficits e inadaptacións sociais, favorecen e participación activa das persoas en grupos así como a creación do tecido social e asociativo, promoven o traballo comunitario... numerosas e indispensables funcións nunha intervención social sobre a base da educación e da aprendizaxe.

O seu papel no ámbito da xuventude, da cultura, da educación, e dos servizos sociais, é clave para completar o abanico de disciplinas que desde distintas perspectivas permiten unha intervención social integral, sobre todo en sectores clave como é o dos menores e as familias.

Non obstante, pese a innegable contribución ao benestar social e ao recoñecemento da profesión como tal cuns estudos universitarios que a avalan e un colexio profesional que a representa, a falta de regularización da educación social fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector. Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión de Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa, entre os que se pode mencionar a modo de exemplo a Deputación de Jaén, Deputación de Sevilla, Deputación de Córdoba, Deputación de Almería, Deputación de Cádiz, Deputación de Segovia, Deputación de León, Deputación de Valladolid, Cabildo de Gran Canaria, Universidade de Extremadura, Facultade de Educación da Universidade de Salamanca, Facultade de Educación do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Parlamento de Navarra, Cortes de Aragón, así como numerosos concellos nas diferentes comunidades autónomas.

Por todo isto, é polo que se adoptan os seguintes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia á Regularización da Profesión da Educación Social en Galicia a través dunha Lei Galega de Profesionalización da Educación Social.
2. Instar á Presidencia do Goberno de España a desenvolver unha Lei de Regularización da profesión de Educación Social, a nivel estatal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada polo grupo municipal PP, quedando redactado o acordo da seguinte forma:

1. Instar á Xunta de Galicia á Regularización da Profesión da Educación Social en Galicia a través dunha Lei Galega de Profesionalización da Educación Social.
2. Instar á Presidencia do Goberno de España a desenvolver unha Lei de Regularización da profesión de Educación Social, a nivel estatal.
3. Instar á Xunta de Galicia a que, en colaboración coas deputacións e a FEGAMP, fomente a incorporación nas súas políticas dun maior protagonismo da Educación Social, desde o convencemento de que se trata dunha peza clave para promover a transformación social.

7 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

115188545

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>